



Plan de Convivencia

INDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. O CENTRO DOCENTE

- 2.1. Datos de identificación do centro.
- 2.2. Estrutura e elementos materiais.
- 2.3. Descripción do contorno.

3. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

4. OBXECTIVOS E ACTITUDES A CONSEGUIR CO PLAN

5. ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NO CENTRO

6. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN CANDO SE PRODUCEN ALTERACIÓNS NA CONVIVENCIA DO CENTRO

7. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

8. COMISIÓN CONVIVENCIA ESCOLAR

9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN

ANEXOS AO PLAN DE CONVIVENCIA:

- ANEXO I: TIPIFICACIÓN DE CONDUCTAS
- ANEXO II: FORMATO DE REXISTRO DE INCIDENCIAS
- ANEXO III: REXISTRO DE INFORME A PAIS
- ANEXO IV: PARTE DE FALTAS DE ASISTENCIA
- ANEXO V: XUSTIFICANTE DE AUSENCIAS
- ANEXO VI: COMUNICACIÓN A PAIS DAS FALTAS SIN XUSTIFICAR
- ANEXO VII: REXISTRO SAÍDAS EN HORARIO LECTIVO
- ANEXO VIII: PLAN DE ACOLLIDA
- ANEXO IX: PROTOCOLO DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO
- ANEXO X: PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR
- ANEXO XI: PROTOCOLO DE IDENTIDADE DE XÉNERO
- ANEXO XII: PROTOCOLO DE MEDIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia de centro forma parte do Proxecto Educativo do mesmo. É un documento no que se establecen os criterios, obxectivos e procedementos polos que a comunidade educativa do colexio determina as accións de prevención, actuación e avaliación para a convivencia entre os seus membros.

A nivel legislativo rexímonos, sobre todo, pola *Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* e polo Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, que a desenvolve.

O Plan de Convivencia ten como finalidade a mellora da comunicación entre os distintos axentes da comunidade educativa e o desenvolvemento de valores democráticos e de cidadanía como a tolerancia, a apreciación da diversidade e o diálogo entre os seus membros.

Ademáis establecerá os mecanismos adecuados para a prevención e resolución de situacións de conflito e/ou violencia. O Plan de Convivencia do noso centro, recolle, de forma organizada e explícita, as diferentes actuacións a levar a cabo desde os diferentes ámbitos do colexio, dirixidas ao desenvolvemento e uso de habilidades de socialización e de estratexias de resolución de conflitos.

Para entender a conflitividade na escola, situámonos ante tres perspectivas diferentes e simultáneas en ocasións. Dun lado, a preocupación do profesorado por algunhas condutas que abarcan a disrupción, a falta de disciplina e a falta de respecto, como as máis frecuentes. Doutro, a preocupación social referida principalmente ás agresións e actos vandálicos, a perspectiva máis chamativa. Por último, a preocupación do alumnado, que se centra no maltrato entre iguais e o illamento.

A aprendizaxe non é un proceso aséptico e impersoal que se dá só nos centros educativos, nin é algo individual. Non podemos olvidar que cada alumno/a ten unha vida ao seu derredor, nin tampouco o seu desenvolvemento emocional o as relacións persoais e intragrupoais que mantén. Acadar un bo clima de convivencia vai a facilitar a aprendizaxe.

A educación é un feito colectivo, a súa riqueza pode estar na variedade de relacións que se establecen tanto no centro como na aula e noutros espazos escolares.

2. O CENTRO DOCENTE

2.1. Datos de identificación do centro

O CPR Plurilingüe Ntra Sra da Asunción de Sarria é un centro educativo católico rexido polas Relixiosas da Asunción, concertado en todos os seus niveis: Educación Infantil; Educación Primaria e Educación Secundaria Obligatoria, inserto na nosa sociedade e aberto a todos, atendendo especialmente aos máis necesitados.

Somos un Centro:

- Aberto a todos:

Sen discriminación algunha, facendo posible que todo o que desexe a educación que aquí se imparte, poida recibila e atendendo en primeiro lugar situacións de necesidade.

- Católico:

O clima do noso centro está configurado pola vivencia cristiá. Impartimos unha educación baseada nos valores do Evanxeo, de forma que os alumnos vivan a súa fe como empuxe á vida intelectual e social.

- Que actualiza o carisma de Santa M^a Eugenia:

Dando resposta ás demandas educativas do noso ambiente, seguindo as súas liñas de pensamento e acción: Anuncio de X.C., en consonancia co Maxisterio da Igrexa, impartindo unha educación liberadora, educando para a Xustiza e a Paz, cun ensino de calidade.

- Inserto na realidade galega:

Sen esquecer a universalidade dos obxectivos educativos, fomentamos o coñecemento e a valoración das raíces, tradicións e singularidades da nosa terra, así como a toma de conciencia dos seus problemas, intentando mellorar a sociedade na que vivimos.

- Con proxección cara o futuro:

Queremos que a educación e o ensino que se imparte no noso centro adquira unha dimensión válida para o futuro dos nosos alumnos.

A titularidade do centro recae nas Relixiosas da Asunción, que colaboran na promoción socio-educativa da zona onde nos atopamos.

2.2. Estrutura e elementos materiais

O centro está situado na rúa da Asunción 34.

O recinto escolar ten unha superficie de 0,5 Has e nela atopamos dous bloques edificadas:

Un no extremo Leste que albergou o Internado (Escola-Fogar) hoxe adicado a comedor escolar, garda de mañá e tarde e aula multimedia.

Outro no centro do recinto onde están situadas as dependencias escolares e a vivenda das relixiosas.

Son edificios de forma rectangular e constan de planta baixa e dous pisos. Ao redor do segundo bloque hai unha gran zona con pistas deportivas ao aire libre cun pequeno graderío e servizos de aseo e vestiarios e un gran espazo para distintos xogos.

No extremo Sur atópase o Polideportivo. Entrando á dereita, atópase o parque infantil.

A construción é funcional, con grandes ventanais, que fan posible unha boa iluminación e ventilación das aulas. Conta con:

- *Planta baixa:* atópanse as aulas de Educación Infantil: 3, 4, 5 anos , a capela, a sala de usos múltiples, as aulas de 1º e 2º curso de Educación Primaria, sala de estudo e dependencias de Dirección e Secretaría.
Nesta planta hai tamén unha sala de profesores.
- *Segundo andar:* as aulas de 3º, 4º, 5º e 6º cursos de primaria, laboratorio, aula de tecnoloxía, gabinete psicopedagóxico e aula de apoio.
- *Terceiro andar:* as aulas de ESO, biblioteca, aula de plástica e aula de música.
- Aseos: Todas as plantas contan con aseos para alumnos e alumnas e profesores.
- Zona de almacén.
- Acceso á planta baixa: Tres portas de entrada, unha pola fachada principal con escaleiras e rampa de acceso, outra por un lateral e outra pola parte de atrás.
- Acceso ás plantas superiores: a través de ascensor interior, a través de escaleiras interiores e escaleiras exteriores.

- A maioría dos alumnos son residentes en Sarria, aínda que tamén acuden ao centro nenos/as das aldeas cercanas.
- O comedor escolar facilítase aos alumnos que o desexen.
- Por estar situado na mesma vila non existe transporte escolar.
- O equipo de profesores fórmano 24 persoas.
- Os pais participan na marcha do colexio por medio da ANPA, Consello Escolar e Comisión de Convivencia.
- As relacións son de diálogo, respecto e comunicación.

2.3. Descrición do contorno:

O colexio ubícase na vila de Sarria, un municipio da zona centro – sur da provincia de Lugo, cunha extensión de 185 km² e unha poboación de 15.000 habitantes distribuídos entre a vila e cincuenta núcleos rurais. Atópase no Camiño Francés de Santiago, aproximadamente a 111 Km da catedral de Santiago de Compostela, polo que é unha vila pola que pasan milleiros de peregríns todos os anos.

O nivel socioeconómico está na media galega. É partido xudicial da comarca. Os principais sectores económicos son o agrogandeiro e o sector servizos. A vila conta cun centro de saúde, biblioteca pública, casa da cultura, diversas asociacións culturais, servizos sociais no concello, parque de bombeiros, un CAPD (centro atención persoas dismnuídas), Cáritas Interparroquial, residencia de anciáns, Cruz Vermella...

O centro ao estar situado no casco urbán da vila, dase unha heteroxeneidade nas familias tanto a nivel socioeconómico como cultural.

O Colexio da Asunción foi fundado no ano 1965, ante a inquietude de algunhas familias de Sarria de educar aos seus fillos/as nun colexio relixioso.

A petición foi recollida polo Obispado e trasladada á congregación da Asunción polos seus lazos familiares co pobo. Desde esa data, o centro colabora na promoción socio educativa da zona.

3. SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos adecuados para convivir mellor e resolver conflitos, a través da participación, da comunicación e da prevención de problemas de conduta. Para iso, elabóranse unhas normas de convivencia incluídas no RRI, que deben regular o funcionamento do centro. Desde o colexio sempre se intenta que o clima de convivencia sexa bo, entendendo que no só se trata de cumprir normas senón de establecer relacións e resolver os conflitos de forma pacífica, fomentando unha cultura de paz.

A convivencia no colexio poderíamos definila como boa. En xeral, as normas de convivencia soen respectarse:

En Educación Primaria os alumnos teñen en xeral, un bo comportamento. As condutas contrarias ás normas de convivencia soen ser retrasos, faltas de respecto entre compañeiros e algunha vez a profesores, máis ben por falta de educación que por intencionalidade.

En ESO, pode darse o caso de alumnos que amosan pouco interese polo estudo e interrumpen o normal desenvolvemento da clase, pero a maioría siguen co bo agrado as tarefas do colexio.

De todos modos, a porcentaxe de incidencias disciplinarias é baixo e as condutas gravemente perxudiciais son practicamente inexistentes.

A maioría das familias cooperan co colexio cando se trata de aplicar medidas correctoras aos seus fillos.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son:

- Disrupcións na aula: falar a destempo, levantarse sen permiso, falar cos compañeiros, linguaxe inapropiada, gritar na aula...
- Distraccións e falta de atención.
- Olvido do material para o desenvolvemento da clase.
- Pérdida de respecto entre iguais ou a menores durante o recreo ou nas entradas e saídas ao centro.
- Reiteradas faltas de puntualidade.
- Pequenas pelexas en espazos comúns (baños, patio, corredores,...), insultos...

As súas causas poden ser:

Falta de motivación, dificultades de aprendizaxe, impulsividade e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os conflitos adecuadamente, ausencia dun referente de autoridade.

Con respecto ás familias, as veces encontramos falta de colaboración e/ou implicación nos aspectos escolares (non revisan se traen o material a clase, ni se teñen tarefas para casa, etc.), e mesmo ás veces, pouca responsabilidade da familia ante o centro en casos puntuais.

En ocasións, sinálase que é necesario un cambio de actitude, por exemplo na dosificación do móbil, redes sociais, videoxogos, na insistencia nos valores (respecto, solidariedade, compañeirismo...), límites e normas claras...

A resposta educativa do equipo directivo e do profesorado no centro é a de promover a actitude de participación do alumnado a través dos cauces de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera incidencia e a necesidade de potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento aos conflitos.

En caso de que xurda algún conflito, o centro conta cun procedemento no que se especifican os cauces de actuación.

4. OBXECTIVOS E ACTITUDES A CONQUERIR CO PLAN

Dentro da formulación global que require todo plan de actuación encamiñado á mellora das relacións interpersoais, os obxectivos do Plan van na liña de atención de todos e cada un dos sectores da Comunidade Educativa, coa intención de motivar ao profesorado, alumnos e familias sobre a importancia de crear un bo clima de convivencia nos centros escolares:

- *Para o profesorado:*
 - . Coñecer aspectos teóricos básicos da convivencia entre iguais, as relacións profesor-alumno, a convivencia na interculturalidade e a convivencia na diferenza de xénero,



utilizando unha linguaxe común.

- . Implicar ao profesorado nos procesos de reflexión e acción que axuden a previr conflitos de convivencia nos centros, tendo especial coidado cos casos de acoso escolar. (Anexo IX).
- . Dotar ao profesorado de ferramentas prácticas para a detección, a abordaxe e a resolución de conflitos de convivencia nos centros.

▪ *Para o alumnado:*

En Educación Infantil:

- . Os agrupamentos que variarán cada 15 ou 20 días.
- . Establecemento de límites e normas que se darán nun contexto de afecto para que teñan valor, serán coherentes, claras, flexibles e consensuadas.
- . Crear un clima de seguridade afectiva e de confianza no aula.
- . Ter unha actitude de escoita e recoñecemento dos nenos-as como individuos, para axudarlles a comprender que é agradable vivir nun clima de afecto e respecto, e que, para elo, a súa contribución é importante.

En Educación Primaria e ESO:

- . Sensibilizar ao alumnado sobre o seu papel activo e implicación no recoñecemento, evitación e control dos conflitos de convivencia nos centros, estando especialmente pendentes dos casos de acoso escolar.
- . Establecer un plan de actuación claro que lles permita informar, nun ambiente de confianza, os feitos que observaran e, desta maneira, romper coa "lei do silencio".
- . Desenvolver habilidades interpersoais de autoprotección e seguridade persoal.
- . Favorecer a comunicación e a toma de decisións por consenso.
- . Difundir os dispositivos de axuda existentes no ámbito escolar.

▪ *Para as familias:*

- . Sensibilizar ás nais, pais e titores sobre a importancia de previr condutas violentas nos seus fillos.
- . Dotar ás familias de ferramentas para detectar a implicación dos seus fillos en conflitos no centro escolar e dar pautas de actuación.
- . Facilitar ás nais, pais e titores información acerca das implicacións psicosociais da etapa adolescente.
- . Favorecer a reflexión das familias sobre a importancia do estilo de interacción familiar.
- . Difundir os recursos existentes no ámbito escolar.



- *Para o Centro:*
 - . Establecer canles e procedementos que faciliten a expresión das tensións e as discrepancias, así como a resolución de conflitos de forma non violenta.
 - . Mellorar o clima de convivencia nos centros en beneficio dunha educación de calidade.
 - . Potenciar a formación de todos os membros da comunidade educativa para que poidan resolver os conflitos de forma tolerante e non violenta.

5. ACTUACIÓNS PARA A MELLORA DA CONVIVENCIA NO CENTRO

a. Relación coas familias

Accións previstas para a participación, colaboración e implicación permanente coas familias en educación infantil:

Para iniciar o contacto coas familias, antes da escolarización, faise no mes de maio unha reunión informativa xeral, e máis concretamente do período de adaptación e das pautas a seguir para favorecer un desenvolvemento axeitado respecto á comunicación, disciplina e conducta persoal e hábitos.

Unha vez iniciado o curso, faise unha reunión informativa en cada clase, onde se concretan os obxectivos plantexados para acadar en cada idade, e todos aqueles puntos de interese que garden relación coas familias e que favorezan a súa implicación no centro (Anpa, Escola de pais, Páxina web...).

Entregamos a cada familia unha guía informativa, onde están reflectidos todos os puntos de interese planificados para todo o curso (normas de convivencia, titorías, saídas culturais, calendario escolar...).

Outro punto moi importante son as titorías, nas que nos plantexamos falar con cada familia unha vez por trimestre, como mínimo, aínda que poden ser as que consideremos oportunas por ambas partes.

Cada trimestre, elaborárase un boletín informativo para as familias, partindo dos criterios de avaliación que cada titor ten nas súas unidades didácticas.

Tratamos de implicar as familias o máximo posible, nas actividades programadas ao longo do curso.

Accións previstas para a participación, colaboración e implicación permanente coas familias en educación primaria e ESO:

Desde o colexio foméntase o diálogo e a participación das familias na educación dos seus fillos. A principio de curso, teñen un primeiro encontro cos titores, onde se lles informa do

desenvolvemento do curso escolar que comeza e posteriormente cada titor explica as normas de funcionamento e de convivencia no centro, entre outros aspectos. Nesta reunión entrégaselles a Guía Informativa que dá a coñecer a organización e funcionamento xeral do Colexio.

Establécese un horario de titorías con pais a principio de curso e que aparece especificado na Guía Informativa que se lles entrega. Tamén se poden solicitar entrevistas cos titores ou outros profesores fóra do horario establecido, tanto por vía telefónica como a través das axendas dos alumnos.

O equipo docente, algunhas veces, require a presenza dos pais para dialogar sobre o rendemento académico ou o comportamento dos seus fillos.

Na resolución de conflitos sempre se informara aos pais por escrito ou a través do teléfono, dependendo dos casos.

b. Actividades da Escola de Nais e Pais

As relacións cos pais tamén se establecen a través da Escola de Nais e Pais. Cada mes prográmanse as reunións nas que se dan charlas e se fan actividades para profundizar naqueles aspectos que poidan interesar aos pais, sobre todo de educación en valores. A acollida por parte dos pais é boa.

c. Actividades de titoría

- Educación Infantil e Primaria:

Nestas etapas non hai unha hora específica de titoría grupal cos alumnos, as actuacións de titoría desenvólvense según o programado nos respectivos PATs.

- Secundaria:

En ESO, hai unha hora de titoría grupal semanal na que se desenvolven actividades programadas no PAT dende principio de curso. A maioría das actividades están relacionadas coa convivencia: estudo do clima na aula, a importancia do delegado/a de clase, as habilidades sociais e as resolucións de conflitos de forma pacífica, o respecto...

d. Actividades de Pastoral

- Oración da mañá: Os alumnos teñen un tempo de oración onde reflexionan, meditan e rezan.
- Espacio Adora: Tempo de interioridade para alumnos.
- Asuntillos: Actividades para 3º, 4º, 5º e 6º de EP, con monitores de 3º e 4º de ESO e exalumnos, nas que a través de xogos, obradoiros... conviven entre eles e cos alumnos monitores.



- Así mesmo, o Departamento de Pastoral ten programadas celebracións da Eucaristía para que os nosos alumnos poidan profundizar na fe e nos valores cristiáns.
- Aos alumnos ofértaselles a posibilidade de participar nas campañas do Domund, de Nadal e Mans Unidas. Todo o colexio participa na celebración do día da Paz e da Non Violencia, implicándose toda a comunidade educativa; alumnos, profesores e persoal de administración e servizos.
- En 1º e 2º de EP: Xornada dun día de convivencia cos alumnos da Asunción de Ponferrada dos mesmos cursos.
- En ESO as *Convivencias Formativas* teñen unha acollida moi boa por parte dos alumnos e profesores, neste día insístese moito na importancia dos valores cristiáns como elemento fundamental para a súa educación.

e. Vixiancia de recreos e pasillos

Como actuación preventiva consideramos necesario e de gran importancia vixiar os recreos e os corredores das aulas, para iso, os profesores teñen un cuadro organizativo onde se recollen os turnos para as vixiancias dos mesmos, habendo sempre un profesor por piso, dúas mestras de Educación infantil no parque infantil, dous mestres de Educación Primaria no patio dianteiro e dous profesores de Secundaria no patio posterior do colexio.

f. Formación do profesorado

A formación sobre a convivencia e resolución de conflitos pensamos que é imprescindible para mellorar as pautas de actuación que potencien un clima favorable no centro. É necesaria unha formación específica para atender situacións relacionadas coa convivencia e a conflitividade.

Faise necesario introducir a formación permanente do profesorado no complexo mundo das relacións interpersoais no centro: habilidades sociais, resolución de conflitos, estratexias para fomentar a participación e intervención ante problemas de conduta. Por iste motivo, como viñemos facendo en cursos anteriores, dentro da oferta de formación á que temos acceso, tentaranse realizar cursos encamiñados ao manexo de situacións de conflito no centro e de mellora de clima de convivencia.

As titoras de Educación Infantil sinalan que ao non producirse conflitos graves nesta etapa, non é necesario solicitar cursos específicos de "resolución de conflitos". Apuntan que é suficiente co intercambio de ideas entre as mestras do Ciclo e recibir orientacións do DO e do EOE, contando tamén cos pais.

g. Plan de acollida

O Plan (Anexo VIII) é outra forma de previr actitudes en contra da convivencia e facilitar aquelas outras que a melloren.

6. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN CANDO SE PRODUCEN ALTERACIÓNS NA CONVIVENCIA DO CENTRO

***Protocolos xerais de actuación:** Os procedementos xerais de actuación, sen excluír algunha variación propia do Centro, para situacións puntuais onde se observen alteracións do comportamento, guíaranse fundamentalmente por:

- Reglamento de Régimen Interno: RRI. Ten por obxecto regular a organización e o funcionamento do Centro e promover a participación de todos os que forman a Comunidade Educativa.
- RD 732/95 de 5 de maio polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia dos centros.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, que ten como obxecto regular as normas básicas nos centros docentes e a participación directa das familias así como do resto da comunidade educativa no ensino e no proceso educativo.
- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolaren Galicia que contribuirá a garantir a asistencia aos centros educativos da totalidade do alumnado en idade de escolarización obrigatoria, coa finalidade de afondar nas medidas preventivas, unificar conceptos e regular e facilitar o procedemento de control e comunicación ás familias da asistencia a clase do alumnado e, no seu caso, guiar o procedemento do expediente de absentismo, de xeito que se favoreza a mellora da calidade educativa e os índices de éxito escolar.
- Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso que partindo da definición destas situacións de acordo cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica, inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

- Protocolo de mediación como unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordó satisfactorio para ambas as dúas.
- Protocolo de identidade de xénero, que ten como finalidade garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razón de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, eliminando calquera indicio de discriminación que se aprecie por razón de identidade de xénero.
- Defínese, a Plan Director para la convivencia y mejora de la seguridad escolar: Deriva dun acordo marco subscrito polo Ministerio do Interior, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Federación Española de Municipios e Provincias, facendo posible a colaboración das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e das Policíaas Locais coa comunidade educativa.
- Comisión da convivencia: A través da Comisión de Convivencia, lévase un control trimestral do estado da convivencia no centro.

***Procedementos específicos:** Os procedementos específicos de actuación para manter a convivencia e un clima positivo, derívanse das Normas de Convivencia do centro.

En concreto referímonos aos seguintes apartados que foron consensuados por todos os sectores da comunidade educativa:

a. Incidencias: As incidencias son condutas contrarias ás normas de convivencia establecidas no Centro. A tipificación das faltas de comportamento ben establecida no RRI (Anexo I).

O protocolo a seguir cando se producen condutas contrarias ás normas de convivencia é:

- Cúbrese o Rexistro de incidencias só en Educación Primaria e ESO (Anexo II). Neste rexistro anótase unha breve descripción da falta de convivencia, o nome do alumno que a cometiu, a tipificación da falta (leve, grave ou moi grave), as medidas tomadas e o seguimento que se fai do proceso.
- Si a falta é grave ou moi grave o xefe de estudos cubre o Informe a familias que é un impreso para indicarlles o ocorrido e que quede constancia de que a familia foi informada. (Anexo III)

b. Faltas de asistencia:

- As faltas de asistencia dos alumnos consignaraas todo o profesorado ao longo de cada periodo lectivo do día no parte de faltas de asistencia. (Anexo IV)
- As familias dos alumnos deberán informar sobre o motivo das súas faltas de asistencia e xustificalas e ao centro a través do xustificante de ausencias: é o impreso oficial firmado

polos pais ou titores legais, que se entregará ao titor do seu grupo nos tres días seguintes a súa reincorporación ás clases. (Anexo IV)

- No caso de faltas sin xustificar haberá unha *notificación a pais* a través do impreso oficial que temos para tal fin. (Anexo V).
- Se as ausencias seguiran pasariamos a aplicar o *Protocolo de Absentismo escolar* coa intervención dos Servicios Sociais do Concello

c. Entradas e saídas do centro:

Para saír do centro en horario lectivo é necesario que a familia ou persoa autorizada, cubra unha autorización na portería (Anexo VII).

7. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS QUE SE VAN DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Con carácter xeral intentarase realizar cada curso escolar ás seguintes actividades, sen excluír outras relacionadas con estes aspectos que quedarán descritas na Programación Xeral Anual (PXA) dese curso escolar:

As actuacións para desenvolver no centro que favorezan a convivencia serán:

- Información sobre a Normativa do centro sobre convivencia nas aulas. Isto faríase a principio de curso co/a titor/a, quedando expostas nos taboleiros das aulas e facendo un recordatorio das mesmas ao principio de cada trimestre, como establece o PAT.
- Potenciar habilidades de comunicación no alumnado para a mellora da convivencia no centro, a través de postas en común de problemas xurdidos entre compañeiros.
- Fomentar vos valores democráticos: a tolerancia, a aceptación da diversidade e a resolución de conflitos de forma pacífica. A través de dinámicas de grupo especialmente deseñadas para iso.
- Formación a pais con charlas na Escola de Pais/nais nas que se reforzará a información que se lles dá aos alumnos en titoría, incidindo nas estratexias familiares máis recomendables para favorecer a resolución de conflitos.
- Celebración de días conmemorativos:
 - 16 Novembro: Día da tolerancia
 - 25 de novembro: Día contra a violencia de xénero.
 - 6 de Decembro: Conmemoración do día da Constitución.
 - Día 10 de decembro: Día da Declaración Universal dos dereitos humanos
 - 30 de Xaneiro: "Día escolar da non violencia e a paz"
 - No mes de Febreiro: Operación bocata.
 - 8 de marzo: Día Internacional da Muller Traballadora

- PAT: Programación anual das actividades de titoría para desenvolver en todo o curso. A maioría das actividades tenden ao fomento da convivencia.
- Protocolo de Acollida do centro: Protocolo de actuación para facilitar a incorporación dos alumnos que acoden por vez primeira ao centro. (ANEXO VIII)

Organizando en cada caso actividades tendentes á información e mentalización dos alumnos sobre estes temas.

8. COMISIÓN CONVIVENCIA ESCOLAR

Creada e regulada no Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro (art. 6), que desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Trátase dun órgano colexiado de carácter consultivo creado para reflexionar e investigar en relación co estado da convivencia do centro.

- Normas específicas para o funcionamento da comisión de convivencia do centro

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da Comisión de Convivencia de cada centro concretarase no Plan de Convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

- Está composto por:

- O presidente: Director do centro.
- O titular do centro: A relixiosa superiora da comunidade de relixiosas.
- A orientadora do centro.
- Tres representantes do profesorado do consello escolar.
- Un representante do alumnado do consello escolar.
- Unha persoa da asociación de nais e pais do consello escolar.
- Unha persoa representante do persoal non docente.

- Actuacións da Comisión de Convivencia

- Elaborar o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do seu desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión, función que será asumida polo equipo directivo cando non estea constituída, que será aprobado polo consello escolar do centro, tal como se recolle no artigo 10 da Lei 4/2011.

- Velar pola correcta aplicación do disposto na normativa existente en materia de convivencia e no plan e normas de convivencia.
- Elevar ao consello escolar do centro e recoller na memoria anual da comisión de convivencia as iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo.

■ Plan de reunións:

- Ordinarias: tres xuntanzas anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
- Extraordinarias: cantas veces sexa convocada por:
 - = A súa presidencia por iniciativa propia.
 - = Proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

9. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN

Trátase de valorar e mellorar as acción proxectadas para que sexan accesibles, aplicables e eficaces e, de ser o caso, proponer novas accións.

Seguimento:

En actas das reunións de claustro levarase un seguimento do Plan de Convivencia, analizando todas as actividades que se están desenvolvendo, así como o que se vai a levar a cabo próximamente. Ao mesmo tempo, trimestralmente redactaranse as actas da Comisión da Convivencia onde se analizará o estado da convivencia. Estas preséntaranse ao Consello Escolar.

Avaliación:

A avaliación do Plan de Convivencia realizarase de forma xeral, unha vez ao trimestre a través do Comisión da Convivencia e ao término de cada curso escolar elaborará un informe que se deberá incluír na Memoria anual e no que se avaliarán os resultados da aplicación das normas de convivencia no centro, analizaranse:

- Os problemas detectados na súa aplicación e propoñeranse medidas e iniciativas que favorezan a convivencia.
- O nivel de consecución dos obxectivos propostos.
- As actividades realizadas.
- O grado de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
- Conclusións.
- Propostas de mellora para o seguinte curso escolar.



10. ESTRATEXIAS PARA REALIZAR A DIFUSIÓN DO PLAN

O plan de convivencia do centro debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa e polos sectores do contorno que poidan estar interesados.

O equipo directivo do centro leva a cabo as actuacións necesarias para que o plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da comunidade educativa, así como as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia garantirá esta difusión.